

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 15 DE SETEMBRO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do Fogar Dixital nas vivendas de nova construción.
- Decreto polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e a acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.
- Decreto polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación do Proxecto sectorial do Polígono Industrial da Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Vilamarín para levar a cabo a instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal, cun investimento de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €) IVE incluído.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproban, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese, as actuacións de consolidación no Polígono Industrial de Balaídos, promovidas polo Consorcio da Zona Franca de Vigo.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración, asinado o 11 de marzo de 2016, entre a Fundación EOI e o Instituto Galego de Promoción Económica para a realización de accións de formación e titorización no marco de espazos de *coworking*.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (Uvigo) para a ordenación, estruturación e potenciación eficiente de estruturas de investigación, por un importe total de cincocentos corenta mil euros (540.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (Uvigo), para achegar unha axuda complementaria para que os/as investigadores/as principais beneficiarios/as do programa Starting Grants (StG) poidan crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación, por un importe total de cincocentos vinte e cinco mil euros (525.000 €).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a posta en marcha da sede xudicial electrónica e visor do expediente xudicial.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do Parque Eólico Serra do Faro (fase I), situado nos concellos de Piñor e San Cristovo de Cea (Ourense) e promovido pola sociedade Serra do Faro, S.L. (IN661A 2011 02/3-AT).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a posta en marcha de É-Saúde: a saúde nun clic.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre o estado de execución das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior cofinanciadas co Feader no marco do PDR.

## **A XUNTA APROBA O DECRETO QUE GARANTIRÁ QUE AS VIVENDAS DE NOVA CONSTRUCCIÓN ESTEAN EQUIPADAS PARA ACCEDER AOS SERVIZOS DO FOGAR DIXITAL**

- ***Establece que para obter as licenzas oportunas será requisito obrigatorio proxectar e instalar as infraestruturas que permitirán a prestación no fogar de servizos sociosanitarios, de aforro enerxético, seguridade e confort***
- ***No caso das vivendas existentes o decreto recolle a recomendación de que incorporen estas infraestruturas no caso de ser rehabilitadas ou remodeladas***
- ***O decreto asegura a incorporación das infraestruturas precisas na fase de construción, o que suporá un importante aforro fronte a súa execución a posteriori***
- ***Constitúe o apoio normativo a un novo modelo de prestación de servizos sociosanitarios no fogar que está a impulsar a Xunta a través do Plan Trabe***
- ***Nesta liña, a Xunta porá en marcha unha plataforma integral de autonomía persoal, que monitorizará os fogares acollidos aos programas de teleasistencia avanzada, atención domiciliar ou seguimento de pacientes crónicos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que garantirá que as novas vivendas dispoñan das infraestruturas necesarias para ter acceso a servizos dixitais avanzados do Fogar Dixital, tanto sociosanitarios, como de eficiencia enerxética, domótica, seguridade ou confort.

O decreto establece que para obter as licenzas oportunas será requisito obrigatorio proxectar e instalar as infraestruturas de soporte do Fogar Dixital. A norma obriga a incorporar unha serie de canalizacións, rexistros e espazos de reserva durante a fase de construción das vivendas sobre as que, posteriormente, se poderá acometer a instalación dos equipamentos do Fogar Dixital.

A incorporación destas infraestruturas na fase de construción minimiza o incremento do custo e supón un importante aforro fronte a súa instalación coa vivenda xa rematada. A Ben que a obriga de instalar os elementos que posibiliten a implantación do Fogar Dixital só afecta as vivendas de nova construción, o decreto recolle tamén a recomendación de que estas se inclúan cando se rehabiliten ou remodelen as vivendas xa existentes.

### **A Xunta impulsa un novo modelo de prestación de servizos no fogar**

O decreto constitúe o apoio normativo a un novo modelo de prestación de servizos sociosanitarios no fogar que está a impulsar a Xunta a través do Plan Trabe. A Administración autonómica traballa na posta en marcha dunha plataforma integral de autonomía persoal no fogar, que monitorizará os fogares acollidos aos programas de teleasistencia avanzada, atención domiciliar ou seguimento de pacientes crónicos

Esta plataforma de Fogar Dixital, única para todos os servizos no domicilio que presta a Xunta, tanto sociais como sanitarios, integrárase coa Historia Clínica Electrónica e, nun futuro, coa Historia Social Única Electrónica, o que permitirá aos profesionais sanitarios e sociais facer de forma remota e continua un seguimento tanto do estado do cidadán como da eficacia das actuacións das que se beneficia; e, sobre todo, garante que os cidadáns e os seus cuidadores e familiares poidan manter a súa vida cotiá no fogar, conservando a súa calidade de vida e evitando continuos desprazamentos aos centros sanitarios, ou ingresos en centros sociais.

Esta iniciativa permitirá ás persoas maiores, persoas con discapacidade ou enfermos crónicos, que dispoñan dun certo grao de autonomía, continuar vivindo nos seus fogares cos apoios e supervisión preventiva precisa. O obxectivo é dar resposta a moitas das necesidades que xorden no fogar destas persoas maiores, dunha maneira sinxela, áxil e sen necesidade de saír do entorno no que viven, facilitando a vida das persoas e convertendo o fogar nun lugar seguro.

Xunto cos servizos sociosanitarios a instalación de sistemas de Fogar Dixital nunha vivenda posibilita outras funcionalidades relacionadas coa domótica como a regulación automática de iluminación, temperatura, detectores de incendios e fugas de auga e gas, auto-pechado das acometidas de auga e gas, e de seguridade como detectores de intrusos na vivenda ou pulsadores de teleasistencia que conecten o habitante da vivenda cos servizos de urxencias.

### **Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia**

Este decreto é o terceiro desenvolvemento normativo derivado da Lei 3/2013 de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, que estableceu o marco legal para garantir un desenvolvemento áxil, ordenado, eficiente e respectuoso co ambiente das infraestruturas de telecomunicacións.

En concreto, desenvolve o disposto no artigo 11 da Lei 3/2013 sobre a incorporación de infraestruturas de telecomunicacións en vivendas.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O TEXTO DO NOVO DECRETO QUE REGULA O FUNCIONAMENTO DOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER**

- ***O novo decreto establece como prioritaria a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e a mulleres en situación de especial vulnerabilidade***
- ***Ten como obxectivo principal acadar unha mellora no servizo, tanto na promoción da igualdade de xénero como na prevención e loita contra a violencia de xénero***
- ***Entre as funcións que poderán desenvolver os CIM, incluírá tamén actividades de información e atención ao colectivo LGTBI***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto, que establece os requisitos e o procedemento para o recoñecemento, modificación e extinción dos centros de información á muller, os CIM, que actualmente na nosa Comunidade son 81.

No ano 2004 publicouse no DOG o Decreto 182/2004, que regula os centros de información ás mulleres e establece os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, polo que, transcorridos máis de 10 anos de vixencia do dito decreto, precisa revisarse e actualizarse para dar cabida ás demandas e adaptarse á situación actual da sociedade, co obxecto de dar continuidade e mellorar o servizo que prestan os CIM.

Este novo texto ten por obxecto establecer unha nova regulación dos requisitos e o procedemento para o recoñecemento dos centros de información á muller, así como as condicións de funcionamento e o procedemento da extinción do recoñecemento destes centros na nosa comunidade.

O principal obxectivo deste novo decreto dos centros de información á muller é conseguir unha mellora no servizo á cidadanía, tanto na promoción da igualdade de xénero mediante a información e o asesoramento, como na prevención e loita contra a violencia de xénero na nosa comunidade, xa que nestes últimos anos, os CIM foron un instrumento decisivo neste servizo prestado aos cidadáns galegos. Os CIM atenderán todas as mulleres que o demanden, así como calquera persoa, sexa home ou muller, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.

Cabe destacar que se establece como carácter prioritario as actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais, a atención poderase estender ás fillas e aos fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas coa intención de reducir o impacto negativo que a situación de violencia produce nestas persoas. Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.

Entre as funcións que poderán desenvolver os CIM, incluíranse tamén actividades de información e atención ao colectivo LGTBI, segundo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que establece que se apoiará un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais.

### **Contido do decreto**

O texto consta de tres capítulos, no primeiro capítulo establécense unha serie de disposicións xerais, e, como aspectos principais, regula: obxecto, concepto de CIM, ámbito territorial e persoal de actuación de cada CIM, obriga de actualización de datos e de achega de información á Xunta de Galicia, principios de actuación dos CIM e funcións que desenvolverán.

O segundo capítulo establece os requisitos que deberán reunir os CIM: recursos humanos e materiais, requisitos funcionais, creación da Rede CIM e posibilidade de convenios de colaboración entre diversas entidades locais para a prestación do servizo do CIM. E o terceiro capítulo regula o procedemento do recoñecemento, acreditación, modificación e extinción dos CIM.



## **A XUNTA OPTIMIZA A SÚA ATENCIÓN CIDADÁ CUN DECRETO CENTRADO NO EMPREGO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS E NAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

- *A nova regulación garante unha actuación global e uniforme de todo o sector público autonómico no eido da atención á cidadanía*
- *Para favorecer a accesibilidade das persoas con discapacidade visual, o decreto incorpora a posibilidade de presentar suxestións e queixas a través do Teléfono 012*
- *A cidadanía poderá exercer en condicións totalmente seguras o seu dereito de acceso á información e á formulación de queixas as 24 horas dos 365 días do ano*

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde a un novo decreto que busca garantir unha mellor e maior atención cidadá no sector público autonómico de Galicia, en especial ás persoas con discapacidade.

O texto desenvolve a Lei de calidade dos servizos públicos e da boa administración e recolle polo miúdo como debe ser a atención á cidadanía, os instrumentos de difusión da información e o procedemento para a presentación e tramitación das suxestións e queixas. En definitiva, esta nova regulación garante unha actuación global e uniforme de todo o sector público autonómico no eido da atención á cidadanía.

A nova norma inclúe entre as súas obrigas a de facilitar toda a axuda e orientación que a cidadanía precise nas actuacións que desexe realizar coa Administración e en especial coas persoas con discapacidade. Así, deberán poñerse á súa disposición os medios e/ou formatos adecuados de maneira que resulten accesibles e comprensibles.

### **Suxestións e queixas**

O decreto unifica o sistema de recepción de suxestións e queixas e integra tamén as que proveñen das empresas encargadas dos servizos prestados por xestión indirecta e que serán presentadas directamente ante o contratista ou responsable do contrato.

Neste senso, establece como novidade a obriga para o contratista de habilitar os mecanismos necesarios para a presentación das suxestións e queixas sobre a prestación do servizo, o deber de informar as persoas usuarias del e o procedemento para a súa tramitación, estando supervisado permanentemente pola Administración.

Co obxectivo de favorecer a accesibilidade á Administración, especialmente ás persoas con discapacidade visual, o decreto incorpora como novidade a posibilidade de presentar suxestións e queixas a través do teléfono 012, onde terán a mesma consideración e tratamento que as presentadas polas demais modalidades.



Ademais, garántese a permanencia do servizo de videointerpretación en lingua de signos para persoas xordas a través da súa previsión regulamentaria, así como o dereito da cidadanía a recibir unha resposta na lingua cooficial solicitada pola persoa interesada.

De cara á mellora dos niveis de atención á cidadanía, recóllese a realización de actuacións de divulgación, sensibilización e formación para garantir unha mellor e maior atención cidadá, en especial, ás persoas con discapacidade. Estas actuacións formativas irán dirixidas especialmente ás persoas que ocupan postos de traballo nas oficinas do sistema único de rexistro, por ser a primeira cara visible da Administración á cidadanía.

### **Maior transparencia**

No que respecta á transparencia na xestión de suxestións e queixas, a norma establece que anualmente se publicará no Portal de Transparencia e Goberno Aberto un informe sobre as suxestións e queixas tramitadas pola Administración, para efectos de garantir o seu coñecemento. O Valedor do Pobo recibirao con carácter semestral.

O dito informe fará referencia ás causas que deron lugar ás suxestións e queixas, a reiteración e frecuencia con que se formulan, a incidencia das medidas correctoras na prestación dos servizos públicos, a repercusión nos plans de mellora continua ou o impacto das medidas na cidadanía, entre outros aspectos.

### **Impulso dos medios electrónicos**

Outra das claves do decreto é o impulso do emprego dos medios electrónicos en relación coa atención á cidadanía, incorporando por primeira vez á sede electrónica as solicitudes de información e a formulación de suxestións e queixas, así como o carácter preferente da notificación electrónica. Deste xeito, a cidadanía pode exercer en condicións totalmente seguras o seu dereito de acceso á información e á formulación de suxestións e queixas as 24 horas dos 365 días do ano.

Para avanzar no proceso de simplificación administrativa, un dos obxectivos primordiais do Goberno galego, o decreto establece que os modelos de solicitude de información – xeral e particular- e de suxestións e queixas, poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen necesidade de publicalos novamente no DOG.

### **Seguimento e mellora continua**

O decreto recolle dous sistemas de seguimento e mellora continua. En primeiro lugar, a Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia, que será a encargada de avaliar o tratamento dado á información ofrecida á cidadanía e de elaborar propostas de mellora da calidade da información á vista das deficiencias detectadas.

Ademais, unha vez que entre o vigor o decreto, o Goberno galego porá en marcha a Oficina de Defensa das Persoas Usuarias, que será a encargada de reutilizar os datos estatísticos resultantes da avaliación anual das suxestións e queixas, para os efectos de seren tidos en conta para a mellora da prestación dos servizos públicos.

Preténdese así aproveitar a valiosa información ofrecida con estes indicadores para a mellora da calidade do funcionamento do sector público autonómico. Ademais, co obxectivo de fomentar a participación cidadá neste senso, a oficina poderá publicar aquelas suxestións que reciba cuxo contido considere de interese xeral.

## **O CONSELLO APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DA PASAXE PARA DAR SEGURIDADE XURÍDICA A 3.000 EMPREGOS E FACILITAR A INSTALACIÓN DE NOVOS PROXECTOS**

- *O obxectivo é regularizar a situación das empresas actualmente neste polígono e facilitar a mellora dos servizos e a urbanización dunha nova fase*
- *Esta tramitación foi impulsada pola Xunta de Galicia de forma consensuada cos empresarios, o Concello de Gondomar, a Comunidade de Montes e o Consorcio da Zona Franca*
- *O parque queda dividido en dous polígonos que se desenvolverán por separado e por sistemas diferentes*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe definitivamente a modificación do proxecto sectorial do Parque Empresarial da Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo, o que permite dotar de seguridade xurídica a preto de 3.000 postos de traballo e facilitar a instalación de novas empresas. O proxecto sectorial quedará dividido en dous polígonos que serán xestionados de xeito independente e mediante sistemas de actuación urbanística diferenciados.

Con esta aprobación rematan os trámites que permiten dar seguridade xurídica e regularizar a situación urbanística das preto de 180 empresas actualmente instaladas no polígono da Pasaxe en situación. Ao mesmo tempo facilítase a creación de novas empresas e empregos e posíbilítanse obras de mellora dos servizos do polígono, así como o desenvolvemento da segunda fase.

A modificación do proxecto sectorial da Pasaxe foi impulsado e tramitado pola Xunta de Galicia despois de acadar o acordo cos empresarios asentados na zona, o Concello de Gondomar, a Comunidade de Montes e o Consorcio de Zona Franca, interesado no desenvolvemento de novo solo urbanizado correspondente ao polígono 2.

### **Dous polígonos**

A modificación aprobada hoxe divide o proxecto sectorial da Pasaxe en dous polígonos, que se corresponden coa zona de empresas xa consolidada e na cal se atopan instaladas as empresas existentes na Pasaxe (polígono 1) e na zona pendente de urbanizar (polígono 2).

Así todas as actuacións que se leven a cabo no Polígono I da Pasaxe desenvolverase mediante o sistema de xestión urbanística de cooperación. As actuacións que se van realizar (regularización da ordenación, obras de reurbanización, cesión dos terreos destinados a vías, zonas verdes e equipamento, etc.) serán acometidas polo Concello de Gondomar con cargo aos propietarios do solo.

No proxecto sectorial aprobado hoxe establécese que o segundo polígono, onde é preciso executar a urbanización correspondente, será xestionado mediante o sistema de expropiación. A división en polígonos permite desenvolver cada un deles de forma

independente e urbanizar o polígono 2 en función da demanda do solo empresarial existente na Pasaxe.

Ademais, a modificación recolle un lixeiro incremento do ámbito orixinal do proxecto sectorial actualmente en vigor, xa que se incorporan ao ámbito uns terreos que inicialmente estaban excluídos do parque.

### **Proxecto inicial**

O proxecto sectorial da Pasaxe foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 5 de maio de 2011, que xa prevía o desenvolvemento de dúas áreas claramente diferenciadas. O obxectivo da súa modificación aprobada hoxe é resolver os problemas de xestión que xera a existencia de dúas zonas de condicións e problemática tan diferenciada, facilitar a legalización da localización das empresas actualmente instaladas no polígono e axustar o desenvolvemento de novo solo empresarial ás condicións da demanda.

Na súa totalidade, o ámbito do proxecto sectorial do Parque Empresarial da Pasaxe comprende 592.481,55 metros cadrados, dos que 204.426,71 compoñen o polígono 1 e 388.054,84 o polígono 2, pendente de urbanizar.

## **A XUNTA INVESTIRÁ 250.000 EUROS PARA A INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAMARÍN**

- ***A actuación mellorará a dotación de instalacións e equipamentos deportivos do concello ourensán***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Vilamarín (Ourense) para levar a cabo a instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal. Segundo se establece no acordo autorizado hoxe, a Xunta de Galicia destinará 250.000 euros a esta infraestrutura deportiva.

Esta actuación pretende acometer así a transformación do actual terreo de xogo de terra existente e contribuirá a dar satisfacción ás demandas sociais no ámbito da práctica deportiva e de actividade física no concello ourensán.

O presente convenio, que terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016, forma parte da estratexia do Goberno galego de mellorar a dotación das infraestruturas deportivas para a práctica e o fomento da actividade física e do deporte, tanto entre os distintos clubs como entre os cidadáns de todos os concellos da Comunidade.

## **A XUNTA APROBA O PLAN DE CONSOLIDACIÓN DO POLÍGONO DE BALAIÓDOS QUE IMPULSARÁ OS INVESTIMENTOS DE CITROËN E DA INDUSTRIA DE COMPOÑENTES**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto promovido pola Zona Franca de Vigo que vai permitir modernizar o parque empresarial e abordar así a construción dos novos modelos K9 e V20 da factoría viguesa, que suporán un investimento no sector da automoción galego de máis de 3.000 millóns de euros***
- ***A autorización, que conta cos informes favorables tanto do Concello como dos diferentes órganos sectoriais, permite iniciar as licitacións pendentes con carácter inmediato***
- ***A tramitación realizouse mediante o procedemento recollido na Lei de medidas en materia de proxectos de urxencia ou de excepcional interese promovidos por administracións públicas***
- ***O Goberno galego cumpre así o compromiso con Vigo de impulsar todos os trámites administrativos dependentes da Xunta para que ningún dos proxectos de especial interese público para a cidade se vise afectado pola anulación do PXOM***
- ***No polígono, cunha facturación anual superior aos 5.500 millóns de euros, aséntanse, ademais de PSA, as industrias de compoñentes GKN Driveline Vigo, Grupo Maviva e Gefco España***
- ***Entre as actuacións previstas atópanse unha subestación eléctrica, a construción, rehabilitación e reforma de naves industriais ou a reordenación e mellora de instalacións de seguridade e eficiencia enerxética***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de consolidación e modernización do Polígono de Balaídos, unha actuación promovida pola Zona Franca de Vigo que vai permitir acometer as obras de mellora do parque empresarial necesarias para impulsar os investimentos de PSA Peugeot Citroën e da industria de compoñentes. Isto permitirá, entre outras actuacións, abordar a construción dos novos modelos da factoría viguesa K9 e V20, que suporán un investimento no conxunto do sector da automoción galego de máis de 3.000 millóns de euros.

A tramitación realizouse mediante o procedemento recollido na Lei de medidas en materia de proxectos de urxencia ou de excepcional interese promovidos por administracións públicas. Así, tras a análise por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, esta deulle traslado ao Concello de Vigo, cuxo informe é preceptivo e vinculante.

Do mesmo xeito, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio someteu a iniciativa á consideración da Comisión Superior de Urbanismo, onde foi aprobado por unanimidade este proxecto cuxa consecución é posible grazas á colaboración das diferentes administracións.

O acordo do Consello da Xunta é así o último paso, unha vez que o proxecto conta cos informes favorables tanto do Concello como dos diferentes órganos sectoriais. Deste xeito, tras esta aprobación, é posible iniciar as licitacións pendentes con carácter inmediato e concluír o plan de modernización iniciado no ano 2013. O Goberno galego cumpre así o compromiso coa cidade de Vigo de impulsar todos os trámites administrativos dependentes da Xunta de Galicia para que ningún dos proxectos de especial interese público para esta cidade se vise afectado pola sentenza do Tribunal Supremo na que se anula o PXOM de Vigo.

Entre as actuacións comprendidas no Plan de consolidación e modernización do polígono de Balaídos atópanse obras como unha subestación eléctrica, a construción, rehabilitación e reforma de naves industriais ou a reordenación e mellora de instalacións de seguridade e eficiencia enerxética.

Coa autorización do Plan de consolidación e modernización do polígono de Balaídos impúlsase a actividade dunha infraestrutura estratéxica para a economía galega. Así, o polígono vigués, no cal ademais de PSA, se atopan as industrias de compoñentes GKN Driveline Vigo, Grupo Maviva e Gefco España, acadou en 2015 unha facturación de máis de 5.500 millóns de euros, o que supón un 35% do total da facturación empresarial de toda a comarca de Vigo. Entre as catro empresas dan traballo a 7.600 persoas.



## **A XUNTA REFORZA A SÚA APOSTA POLO EMPRENDEMENTO COA CREACIÓN DUNHA ACELERADORA EN SANTIAGO QUE IMPULSARÁ A INDUSTRIA AUDIOVISUAL**

- ***Estará localizada na Cidade da Cultura e centrada no desenvolvemento de novos proxectos no ámbito das industrias culturais, a innovación e as novas tecnoloxías***
- ***Durante as próximas semanas rematará a selección dos participantes neste novo espazo coworking dirixido a emprendedores***
- ***A iniciativa artículase mediante a aprobación dunha addenda ao convenio entre o Igape e a EOI e que permitiu a posta en marcha de seis espazos para o emprendemento en Ferrol, Cabana de Bergantiños, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Celanova e Xinzo de Limia***
- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación EOI destinan 4,8 millóns de euros á activación dos sete centros de emprendemento innovador e dos que se poden beneficiar ata 1.750 persoas***
- ***A rede de espazos coworking coa EOI completa un mapa cunha ducia de aceleradoras na comunidade, como Agrobiotech, en Lugo e Ourense; Vía Galicia, en Vigo e Lugo; Galicia Open Future e Connecting for Good Galicia, en colaboración con Telefónica e Vodafone, respectivamente, en Santiago; e a Business Factory Auto con Citroën e Ceaga en Vigo***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, reforza a súa aposta polo emprendemento coa creación dunha nova aceleradora de proxectos relacionados coa industria audiovisual e o sector cultural galego, que se localizará na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

O novo espazo de emprendemento xúntase á rede creada ao abeiro do convenio entre o Igape e a Escola de Organización Industrial (EOI) co obxecto de impulsar o reequilibrio territorial do emprendemento e que xa conta con seis novas aceleradoras nos concellos de Ferrol e Cabana de Bergantiños (A Coruña), Monforte de Lemos e Mondoñedo (Lugo), e en Celanova e Xinzo de Limia (Ourense).

A optimización da xestión económica desenvolvida en colaboración coa EOI, xunto coa cesión gratuíta de espazos para estes seis *coworking* por parte dos concellos e da Xunta, fixo posible a incorporación dun sétimo espazo de emprendemento, que estará focalizado cara á formación de emprendedores que impulsen proxectos innovadores e tecnolóxicos vinculados ao sector audiovisual, así como ao resto de industrias culturais, aproveitando o potencial neste ámbito existente na Cidade da Cultura.

Os proxectos que se van apoiar estarán orientados á creación de empresas pertencentes ás industrias culturais e tecnolóxicas: proxectos impulsados por deseñadores, ilustradores, profesionais da comunicación, escritores-guionistas,

editores, representantes e promotores artísticos, produtores, xestores culturais, programadores de aplicacións informáticas e proxectos culturais na internet, así como outros con vinculación en proxectos que fomenten a innovación cultural e as novas tecnoloxías.

Durante as próximas semanas prevese pechar a selección dos emprendedores que poderán recibir formación e asesoramento para impulsar os seus proxectos na Cidade da Cultura, un espazo cedido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

No caso dos espazos cedidos polos concellos de Cabana de Bergantiños, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Celanova e Xinzo, e no cedido pola Xunta en Ferrol, será esta semana cando empecen a formarse máis dun cento de emprendedores correspondentes aos proxectos seleccionados na primeira convocatoria.

En cada unha das aceleradoras creadas pola Xunta de Galicia en colaboración coa EOI prevese a realización de catro convocatorias ou edicións cunha duración aproximada, cada unha delas, de cinco meses. En cada proxecto seleccionado poden participar un máximo de tres emprendedores. Deste xeito, o número final de emprendedores beneficiarios do programa pode superar os 1.750, contando os arredor de 250 emprendedores que se formarán no espazo de Santiago que hoxe autoriza o Consello da Xunta.

Estas actuacións completan o mapa galego de emprendemento, con máis dunha ducia de aceleradoras, como Agrobiotech, unha aceleradora especializada para a impulsar o despegue de empresas con gran potencial en ámbitos como a biotecnoloxía, a agroalimentación e a biomasa, con sedes en Lugo e Ourense; Vía Galicia, unha aceleradora de emprendemento innovador na cal a Xunta colabora co Consorcio da Zona Franca, con sedes en Vigo e Lugo; Galicia Open Future, dedicada en Santiago de Compostela ao emprendemento tecnolóxico e na cal a Xunta colabora con Telefónica; Connecting for Good Galicia, tamén en Santiago, da man de Vodafone; ou a Bussines Factory Auto, en Vigo, que se vai poñer en marcha en colaboración con Citroën, o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e o Consorcio da Zona Franca.

Deste xeito, a Xunta de Galicia busca fomentar o emprendemento e aumentar as posibilidades de éxito dos proxectos dos emprendedores, identificando aqueles con maior potencial de desenvolvemento.

## **EDUCACIÓN REFORZA CON MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS A EXCELENCIA DOS CIENTÍFICOS STARTING GRANTS E A XESTIÓN EFICIENTE DAS ESTRUTURAS DA INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA**

- ***O Consello autorizou un convenio entre a Consellería e as universidades de Santiago e de Vigo para que os investigadores máis excelentes reciban un apoio complementario -dotado con 525.000 euros- para crear e consolidar as súas propias liñas de traballo***
- ***Destínanse outros 540.000 euros ás tres universidades galegas para ordenar e consolidar a súa actividade investigadora, garantindo a estabilidade das súas estruturas de investigación, optimizando os recursos e evitando duplicidades***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vai reforzar cun total de 1.065.000 euros o traballo excelente dos científicos Starting Grants en Galicia, así como a xestión eficiente das estruturas de investigación que actualmente existen nas tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG).

O Consello da Xunta autorizou hoxe dous convenios de colaboración neste senso, que teñen como obxectivos, por unha banda, captar e reter o mellor talento investigador para que desenvolva os seus proxectos en Galicia e, por outra, ordenar e consolidar a actividade investigadora nas universidades, garantindo a estabilidade das súas estruturas de investigación, optimizando os recursos e evitando duplicidades.

### **Axudas a investigadores Starting Grants**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria realizará unha achega complementaria de 525.000 euros, que se suman aos outorgados polo Consello Europeo de Investigación (ERC), para que os investigadores principais que acaban de incorporarse a unha axuda do programa Starting Grants (StG) en Galicia poidan crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación na Comunidade Autónoma.

O Consello Europeo de Investigación potencia a creación de equipos de excelencia coa concesión de subvencións ao programa Starting Grants destinadas ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia desde a finalización do doutoramento. No caso de Galicia, son tres os investigadores principais seleccionados nesta convocatoria que financia os seus proxectos con case 4,2 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo para o apoio complementario aos citados tres Starting Grants (dous da USC e un da UVigo). Trátase de axudas a longo prazo -cunha duración de ata cinco anos- co obxectivo de potenciar proxectos

pioneiros e innovadores nos diferentes campos de actuación dos investigadores recoñecidos a nivel internacional.

Coa incorporación destes tres científicos, no SUG desenvolven actualmente a súa actividade once investigadores premiados polo ERC. Na Universidade de Santiago de Compostela están traballando seis Starting Grants e un Advanced Grants; na Universidade de Vigo un Starting Grants e un Consolidator Grants; e na Universidade da Coruña dous Starting Grants.

Estas partidas complementarias do Goberno galego deberán ir destinadas a financiar a contratación de persoal investigador ou auxiliar para o equipo de investigación dirixido polo investigador principal Starting Grants; para pequeno equipamento e material funxible, así como para os custos do mantemento dese material; para material bibliográfico; para adhesión a sociedades científicas; para formación do persoal do equipo relacionado coa actividade do proxecto; para desprazamentos vinculados coa dita actividade; para investigadores visitantes; e para a organización de actividades de difusión e ferramentas de xestión do coñecemento e información tales como aplicacións informáticas ou bases de datos, entre outros.

Con esta iniciativa -recollida no Plan galego de financiamento universitario 2016-2020- o Goberno galego trata de fornecer o Sistema público de investigación galego mediante un programa de captación de talento, incentivando e apoiando aos mellores investigadores sen que isto comporte unha carga orzamentaria para as universidades onde desenvolven os seus proxectos científicos.

Así mesmo enmárcase dentro do Plan galego de investigación, innovación e crecemento, no cal se asume, entre outros, a captación, formación e retención do talento como un eixo estratéxico que incentive a formación e fomento da excelencia científica no sistema galego de I + D + i.

### **Impulso eficiente das estruturas de investigación**

O Consello da Xunta autorizou igualmente outro convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, para o impulso eficiente das súas estruturas de investigación.

O obxecto deste convenio -dotado de 540.000 euros, a razón de 180.000 euros por universidade-, é o de acadar a ordenación, estruturación e potenciación das estruturas de investigación coas que conta o SUG e, deste xeito, asegurar a súa estabilidade, optimizar a utilización de recursos e evitar a duplicidade de infraestruturas.

Para tal fin, co apoio da Consellería, as tres universidades deberán elaborar un mapa das estruturas científico-tecnolóxicas e da oferta de servizos asociados cos que contan;

identificar as novas agrupacións estratéxicas e elaborar un plan de reforzo de liderado científico.

Toda esta información permitirá deseñar e planificar un modelo de organización e funcionamento común que optimice os recursos existentes, definir un marco estratéxico de accións específicas e prioritarias, identificar e aproveitar as fortalezas do sistema público de I+D en Galicia e detectar ámbitos de investigación cun elevado potencial de aplicación en sectores e tecnoloxías claves para a nosa economía.

Esta iniciativa enmárcase dentro do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 e responde tamén ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e aos seus eixos de empregabilidade e crecemento intelixente, impulso de consolidación das políticas de gasto vencelladas ao I+D+i e de mellora da capacidade investigadora e dos resultados da investigación universitaria galega.

## **A XUNTA PORÁ EN MARCHA EN OUTUBRO A SEDE XUDICIAL ELECTRÓNICA DE GALICIA**

- ***Nesta primeira fase permitirá aos cidadáns consultar en liña a situación dos seus procesos xudiciais***
- ***Progresivamente, incorporará novas funcionalidades como o inicio electrónico de procedementos monitorios, a presentación telemática de escritos, o acceso ao taboleiro de edictos e ás notificacións electrónicas***
- ***É un dos fitos previstos no Plan Senda 2020 para a implantación do expediente xudicial electrónico***
- ***En novembro, o visor do expediente xudicial estará accesible para todos o órganos xudiciais***

A sede electrónica xudicial de Galicia estará operativa en outubro e permitirá aos cidadáns consultar o estado en que se atopan as demandas ou procesos xudiciais nos que sexan parte. Nas vindeiras semanas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a orde que regula a sede, que entrará en funcionamento o vindeiro mes. Galicia será a primeira comunidade en poñer en marcha a súa sede electrónica xudicial, cumprindo os requisitos que marca a Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.

É un dos fitos previstos no Plan Senda 2020, que está a desenvolver a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) en colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do que se informou hoxe no Consello da Xunta de Galicia.

É a primeira fase dunha sede xudicial, que irá incorporando funcionalidades progresivamente como a de iniciar en liña procedementos monitorios (unha fórmula xudicial para reclamar impagamentos, que non precisa da intervención dun avogado ou dun procurador), a presentación telemática de escritos, a validación de documentos, o acceso ao taboleiro de edictos, as notificacións electrónicas ou o acceso seguro aos expedientes dos procesos xudiciais en que se é parte. O obxectivo é que a sede se consolide como canle única para todas as actuacións, procedementos e servizos do ámbito xudicial.

A sede xudicial, que estará accesible a través de [sede.xunta.gal](http://sede.xunta.gal) e desde o portal [xustiza.gal](http://xustiza.gal), é unha das pezas clave da xustiza sen papeis, un proceso complexo e progresivo, no cal a Administración autonómica vén traballando nos últimos anos e que se acadará coa implantación do expediente xudicial electrónico (EXE), do que Galicia xa ten en marcha todas as pezas.

### **Visor do expediente xudicial electrónico**



En marzo deste ano iniciouse nos xulgados de Pontevedra a pilotaxe do visor do expediente xudicial, unha solución multidispositivo e única para todos os profesionais da Administración de xustiza, que lles permite acceder á información dos expedientes xudiciais en formato electrónico, convenientemente ordenada e catalogada e independentemente do órgano en que se xerese a información. Está previsto que en novembro todos os órganos xudiciais teñan acceso ao visor.

A día de hoxe o visor está operativo en sedes xudiciais da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Cangas, Marín e Redondela e estano a empregar máis de 260 profesionais entre xuíces, fiscais e letrados, que poden acceder aos expedientes desde calquera lugar evitando imprimir a documentación e coas vantaxes de axilidade, eficiencia e seguridade que iso supón. O visor incorpora un buscador que facilita as buscas, filtrándoas en función das diferentes características dos procedementos ou documentos. Unha vez seleccionado o expediente, o visor permite consultar os procedementos, as pezas e os documentos que o conforman.

### **Un repositorio único con nove millóns de expedientes**

A pedra angular da que se serven as novas aplicacións e servizos dixitais (o visor, a sede, o portal de xustiza...) é o repositorio unificado xudicial, que está consolidado no 100% dos órganos xudiciais (45 sedes xudiciais, 4 audiencias e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia) e permite a consulta de case nove millóns de expedientes. Neste repositorio actualízase diariamente a información dos distintos expedientes xudiciais, xerada en cada sede xudicial, cunha media de 1.500 novos expedientes diarios.

### **Plan Senda 2020**

Todas estas actuacións enmárcanse no Plan Senda 2020 para consolidar a dixitalización da Xustiza e avanzar cara ao cero papel, un proceso progresivo que Galicia iniciou en 2009 coas medidas do I Plan Senda (renovación de equipamento e infraestruturas de telecomunicación en todas as sedes xudiciais, implantación de sistemas de información para os diferentes perfís profesionais da Administración de xustiza) e que culminará coa implantación efectiva do expediente xudicial electrónico.

O Plan Senda 2020 busca acadar unha xustiza máis próxima e transparente, máis eficiente, grazas á xestión electrónica, e segura e conta cun investimento previsto de 26,6 millóns de euros.



## **A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO NOS MUNICIPIOS OURENSANS DE PIÑOR E SAN CRISTOVO DE CEA**

- ***A primeira fase da instalación eólica de Serra do Faro suporá un investimento de máis de 36,5 millóns de euros***
- ***Contará con nove aeroxeradores cunha potencia total de 27 MW e unha capacidade aproximada de produción anual de enerxía de máis de 88.000 MWh***
- ***Con esta autorización, o concurso eólico suma 22 parques e máis de 530 MW autorizados, cun investimento total de 672 millóns de euros***

A Xunta acaba de autorizar a primeira fase do Parque Eólico Serra do Faro, que estará situado nos concellos de Piñor e San Cristovo de Cea, en Ourense. Trátase dunha nova instalación, enmarcada no concurso eólico galego, que suporá un investimento de máis de 36,5 millóns de euros e que contará cunha potencia total de 27 MW a través da instalación de nove aeroxeradores.

Con este novo parque, que alcanzará unha produción aproximada de enerxía anual de arredor de 88.500 MWh, o Goberno autonómico suma 22 parques do concurso aprobados, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oulol, Tenzas do Aire, a primeira fase de Monte Arca, Cordal-Ousá, Orrea, Alto da Telleira, Campo Pequeno, Carracedo, Coto de Frades, Olerón, Neda e Figueiras, acadando un total de 531,5 MW e un investimento de preto de 672 millóns de euros.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica centrado na recuperación do liderado do sector, así como na creación de emprego e riqueza para a sociedade. Neste contexto, cabe sinalar que os plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa máis de 1.000 millóns de investimento na comunidade, ao cal se suma a creación de máis de 2.000 empregos directos.

Así mesmo, o Goberno galego ten moi en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa 160 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto autorizado polo Consello da Xunta, e promovido por Serra do Faro, S.L., suporá unha fonte de financiamento importante para os concellos de Piñor e San Cristovo de Cea, na provincia de Ourense, que poderán beneficiarse da recadación obtida do devandito canon.

## **SANIDADE PON EN MARCHA A PLATAFORMA É-SAÚDE, QUE PERMITE AO CIDADÁN XESTIONAR NO MÓBIL A SÚA INFORMACIÓN SANITARIA**

- ***Posibilita que o paciente poida acceder desde o seu móbil, ordenador ou Tablet a servizos e contidos personalizados***
- ***Os doentes poderán consultar e xestionar as súas citas, revisar a súa folla de tratamentos ou os informes de alta, entre outras prestacións***

A Consellería de Sanidade acaba de poñer á disposición de todos os cidadáns con tarxeta sanitaria o uso da plataforma É-Saúde <https://esaude.sergas.es>. Así, quen o desexe, poderá rexistrarse na plataforma e utilizar as súas prestacións. É-Saúde é unha ferramenta tecnolóxica de servizos sanitarios que posibilita que o paciente poida acceder dende o seu móbil, ordenador ou tablet a servizos e contidos personalizados, e, deste xeito, consultar e xestionar as súas citas, revisar a súa folla de tratamentos e os informes de alta, entre outras prestacións.

Tamén permite acceder á axenda de citas en atención primaria ou especializada actualizada, posibilitando completala con eventos persoais de maneira que o paciente, desde o propio móbil, poida consultar cando ten que recoller unha receita na farmacia, ir a unha consulta médica, realizar unha proba diagnóstica ou facer as actividades de promoción da saúde que programase.

A plataforma permite, ademais, o acceso a todos os cursos de formación da Escola Galega de Saúde para Cidadáns e dos cursos desenvolvidos polas asociacións de pacientes.

Así mesmo, poderá consultar servizos ou participar nas comunidades entre o seu persoal médico e de enfermaría e outros pacientes, e nas asociacións de pacientes que lle permitan contactar con outros doentes cos cales comparta dúbidas ou recomendacións de hábitos de vida. Todo iso coa garantía que ofrece o feito de que toda a información estea albergada no servidor do Servizo Galego de Saúde, coa conseguinte seguridade xurídica e tecnolóxica que iso supón.

A plataforma É-Saúde abórdouse nun 80% con fondos Feder e o 20% restante foi achegado pola sanidade pública galega, dentro do marco e da normativa das iniciativas H2050 e InnoVa Saúde, e está relacionada co Fogar Dixital, Telea e outros proxectos que está a poñer en marcha o Sergas, terá continuidade ao longo dos anos 2016-2019 co proxecto Código 100.

### **Eliminación de barreiras xeográficas e de distancias**

A tecnoloxía 2.0 desenvolvida na plataforma permitirá identificar as necesidades e os intereses do paciente segundo o seu perfil, propoñendo material que poida ser do seu

interese de acordo con buscas previas. A intención do Sergas é que o coñecemento xerado en calquera dos seus distintos departamentos, como guías, procedementos ou recomendacións para pacientes, sexan facilmente accesibles para a cidadanía galega a través dun buscador.

Coa progresiva integración de todos os servizos telemáticos e a potenciación do acceso por parte dos pacientes a probas diagnósticas, aos informes das radiografías ou TAC, aos programas de telemedicina, de telemonitorización da diabetes, de anticoagulación sanguínea e outros, a Administración sanitaria galega está a facer realidade a eliminación de barreiras xeográficas e de distancias.

O pasado mes de marzo, o Servizo Galego de Saúde puxo en marcha a plataforma É-Saúde de xeito piloto, no Centro de Saúde Fontenla Maristany de Ferrol, en dous cupos médicos e dous de enfermería.

Durante o proceso de creación e desenvolvemento das funcionalidades de É-Saúde pilotouse e estendeuse o seu uso dende o piloto controlado desenvolvido nun colectivo de 250 pacientes, profesionais e asociacións propostos polo Consello Asesor de Pacientes en novembro do 2015, continuando coa apertura aos pacientes de dúas cotas médicas e de enfermería do Centro de Saúde de Fontenla Maristany de Ferrol, e a todos os pacientes de Bueu en maio do 2016.

Tamén se facilitou o acceso e uso como cidadáns de todos os profesionais do Sergas e da Consellería de Sanidade, posibilitando a formación a través de máis de 20 sesións técnicas de información e formación sobre a plataforma, desenvolvidas nos meses de maio e xuño.

### **Participación de pacientes e profesionais**

Cómpre subliñar que a Consellería de Sanidade foi construíndo a plataforma É-Saúde contando coa participación dos pacientes e os profesionais. Desde o primeiro momento, estes dous colectivos están a pilotar, validar e revisar os contidos e servizos, propoñendo as melloras dende os puntos de vista de navegación, uso ou xestión.

De igual xeito que a telefonía móbil posibilitou que todas e todos os galegos accedesen aos servizos telefónicos sen as restricións que a nosa dispersión xeográfica e orográfica supoñía aínda a principios dos 90, a innovación nas TIC aplicada aos servizos directos en liña para pacientes, vai permitir eliminar as barreiras tecnolóxicas, de distancia ou de mobilidade, para ofrecer unha atención sanitaria máis rápida, máis transparente, máis próxima e de maior calidade.

---

## **UN TOTAL DE 22 CONSELLOS REGULADORES E SEIS ASOCIACIÓNS RECIBEN AXUDA PARA ACCIÓNS DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS DE CALIDADE**

- ***O Consello da Xunta coñeceu un informe sobre a tramitación destas achegas, que este ano terán un importe total de 2,9 millóns de euros para un investimento de 4,2 millóns***

Un total de 22 consellos reguladores e seis asociacións beneficiáronse das axudas da Consellería do Medio Rural para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior. O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre a tramitación destas achegas, que este ano teñen un importe total de 2,9 millóns de euros para un investimento de 4,2 millóns. As achegas adxudicadas supoñen un aumento do 29,54 % respecto á última convocatoria.

Estas subvencións enmárcanse no Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, que financia accións de información e promoción realizadas por agrupacións de produtores (consellos reguladores e asociacións sen ánimo de lucro) para fomentar o consumo de produtos con denominación de orixe, indicación xeográfica ou ecolóxicos.

O pasado 9 de setembro finalizou o prazo para a presentación da documentación xustificativa para o pagamento dos gastos imputables á anualidade 2016 e está previsto facer os pagamentos correspondentes durante este mes de setembro e o próximo outubro.

O sector dos produtos agroalimentarios de calidade (denominacións de orixe, indicacións xeográficas e produtos ecolóxicos) implica preto de 30.000 titulares de explotacións agrícolas e gandeiras e máis de 900 industrias, que facturan unha produción cun valor de arredor dos 370 millóns de euros. Estes produtos son o buque insignia da nosa produción agroalimentaria e a súa boa imaxe facilita o acceso ao mercado do conxunto da produción alimentaria galega.

A potenciación das nosas producións agroalimentarias, e nomeadamente as acollidas aos diferentes indicativos de calidade, axudan a crear unha imaxe positiva de Galicia que repercute de xeito favorable en toda a economía da Comunidade Autónoma. No resto de España os consumidores asocian Galicia con alimentos de calidade e a nosa gastronomía é unha das razóns principais polas que nos veñen visitar.